

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018631	CEP Xosé Neira Vilas	Gondomar	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A presente Programación Didáctica de Ciencias Sociais está destinada a dúas aulas cun total de 35 alumnos/as de 3º de EP.

A través do seu desenvolvemento, o alumnado poderá adquirir destrezas básicas en relación á investigación e curiosidade científica, así como resolver problemas reais do seu entorno próximo na procura dunha eficacia e eficiencia que permita o desfrute e aproveitamento máximo dos entornos sociais e culturais.

A Programación Didáctica está concebida cun carácter eminentemente práctico, no que a planificación de pequenas investigacións e experimentacións propias do alumnado permítalles achegarse ás destrezas necesarias para o correcto desenvolvemento das súas actitudes e habilidades científicas e sociais. O traballo en equipo, a cooperación e a colaboración serán piares fundamentais para o seu desenvolvemento, sendo a axuda mútua unha das características propias das sociedades, onde uns e outros sérvense das súas características para ofrecer o máximo das súas potencialidades e construír un entorno social óptimo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Proxecto Quen vive ahí?	Desenvolvemento de coñecementos destrezas e actitudes en relación ao clima e a paisaxe a través da simulación de escenarios dos distintos lugares da Terra e promovendo a sostibilidade dos nosos territorios.	23	18	X		
2	Convivencia e actitudes científica I	Iniciación nas destrezas e hábitos de participación e curiosidade científica a través do empero do método científico e respectando a organización e planificación no traballo en equipo.	10	7	X		
3	Proxecto Poboacións e institucións	Desenvolvemento de coñecementos e destrezas en relación á poboación, as institucións e o impacto destes aspectos na construción actual da nosa sociedade.	23	14		X	
4	Convivencia e actitudes científica II	Desenvolvemento das destrezas e hábitos de participación e curiosidade científica a través do empero do método científico e respectando a organización e planificación no traballo en equipo.	10	6		X	
5	Proxecto Historia	Achegamento a acontecementos e persoas que marcaron a historia ata a Idade Antiga	24	18			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Proxecto Historia	e o seu impacto na construción da sociedade actual.	24	18			X
6	Convivencia e actitudes científica III	Afondamento no dominio das destrezas e hábitos de participación e curiosidade científica a través do empero do método científico e respectando a organización e planificación no traballo en equipo.	10	7			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Proxecto Quen vive ahí?	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, a organización ou as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando con axuda as ferramentas e procesos propostos.	PE	75
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identificar con axuda conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais, proponer posibles solucións e poner en práctica hábitos de vida sustentable, e expresar, con axuda, os cambios positivos e negativos causados no medio polo acción humana.		
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas con axuda, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma. - Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, os

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - mapas e outros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
2	Convivencia e actitudes científica I	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose ou traballando de forma individual ou en equipo, reelaborando ou creando contidos dixitais sinxelos seguindo modelos dados.	TI	100
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades empregando unha linguaxe non violenta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual

UD	Título da UD	Duración
3	Proxecto Poboacións e institucións	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer os principais órganos de goberno e as funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a súa importancia.	PE	20
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar información, de diferentes fontes, utilizándoa con axuda en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural, adquirindo léxico básico.	TI	80
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a chegada da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando a chegada da diversidade cultural.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas, recoñecendo con axuda modelos positivos ao longo da historia.		
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns e como usuarios de medios de locomoción, identificando con axuda os sinais de tráfico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas. - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - Organización política e territorial de Galicia. - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de Galicia. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarias. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.

Contidos
- Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
4	Convivencia e actitudes científica II	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose ou traballando de forma individual ou en equipo, reelaborando ou creando contidos dixitais sinxelos seguindo modelos dados.	TI	100
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades empregando unha linguaxe non violenta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual

UD	Título da UD	Duración
5	Proxecto Historia	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga.	PE	50
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes o formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, realizando observacións e medicións, rexistrando os datos con axuda de guías.	TI	50
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Proteger o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais) como vía para a análise dos cambios e permanencias na localidade ao longo da historia. - O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. - As expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. - O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación. - Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente. - A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da historia.

UD	Título da UD	Duración
6	Convivencia e actitudes científica III	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose ou traballando de forma individual ou en equipo, reelaborando ou creando contidos dixitais sinxelos seguindo modelos dados.	TI	100
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades empregando unha linguaxe non violenta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual

4.1. Concrecións metodolóxicas

Tendo en conta os principios pedagóxicos do Decreto 155/2022, as orientacións para a área de Ciencias Sociais, así como os métodos pedagóxicos da Orde de 26 de xuño de 2023 e todas as decisións recollidas na Concreción Curricular do centro, ao longo da PD empregaranse diferentes recursos metodolóxicos para o deseño das situacións de aprendizaxe:

A. Aprendizaxe baseada en proxectos: partindo dos intereses e motivación do alumnado e tendo en conta as súas fortalezas, estilos de aprendizaxe e estilos de expresión, desenvolveranse tarefas integradas e globalizadas para a posta en marcha desempeños interdisciplinares. Realizaranse 3 proxectos de carácter trimestral asociados ás UD1, UD3 e UD5 respectivamente. A través destes proxectos contribuiremos á posta en práctica de aprendizaxes contextualizadas, á resolución de problemas reais e á análise e toma de decisións sobre o mundo social e cultural. Cada un deles abordará unha temática concreta (clima e paisaxe, poboación e historia).

Co desenvolvemento desta metodoloxía pretendemos afondar nas aprendizaxes das Ciencias Sociais a través de situacións de aprendizaxe contextualizadas nas que o alumnado demostra o seu coñecemento, habilidades e actitudes con respecto aos criterios de avaliación establecidos.

Esta metodoloxía será empregada do mesmo xeito no resto de áreas curriculares (Ciencias da Natureza, Matemáticas e Linguas), contribuíndo á posibilidade de crear proxectos interdisciplinares mais amplos, e realizando actividades vinculadas ao Proxecto Documental Integrado de centro.

B. Aprendizaxe Cooperativa: establecendo con equipos base estables e traballo en equipo a través de diferentes estruturas simples e complexas, dinámicas de cohesión e seguemento e avaliación do traballo.

A organización e o deseño de actividades a través de aprendizaxe cooperativa permite contribuír ao desenvolvemento das habilidades e competencias sociais. Promoverase a escoita activa, o respecto das opinións, a responsabilidade individual e a corresponsabilidade na análise e toma de decisións para a resolución de problemas,

así como fundamentar todo o proceso de aprendizaxe na axuda mútua. Para o deseño de situacións de aprendizaxe empregaranse recursos dos tres ámbitos de intervención:

- A. Cohesión de grupo: dinámicas de cohesión de equipo e gran grupo, xogos de autocoñecemento e coñecemento ou resolucións de conflitos.
- B. Traballo en equipo como recurso: estruturas simples (folio xiratrio, 1-2-4, laípis ao centro, saco de dúbidas, parada de 3', lectura compartida, o xogo das palabras, entre outras) e estruturas complexas (grupo de expertos e grupo de investigación)
- C. Traballo en equipo como contido: plan de equipo, diario de sesións, avaliación de roles, obxectivos e funcionamento do equipo

Os equipos base de carácter heteroxéneo faranse procurando un equilibrio e axuda mutua en función do perfil e características de todo o alumnado. Poderán modificarse ao longo do curso en función das necesidades educativas detectadas para o maior rendemento e aproveitamento individual.

Esta metodoloxía será empregada do mesmo xeito no resto de áreas curriculares, contribuíndo á convivencia e atención á diversidade a través da axuda mútua e á cooperación. Este feito permite que esta cooperación estea vinculada ao proceso educativo completo na escola, de xeito que estas aprendizaxes non marquen a cualificación da área, senón que contribúan ao desenvolvemento persoal e integral do alumnado. Aínda así, recóllense os criterios de avaliación que contribuirán ao desenvolvemento destas destrezas desde a área (UD2, UD4 e UD6).

C. Aprendizaxe baseada no pensamento: emprego dun conxunto de ferramentas e recursos que permiten facer visibles os procesos cognitivos na aula, ensinando a pensar de xeito reflexivo, crítico, creativo e eficaz, promovendo a infusión curricular e fomentando unha cultura do pensamento.

Ao longo do desenvolvemento da programación empregaranse diferentes estratexias e ferramentas que facilitarán a asimilación de aprendizaxes, a profundización, a reflexión sobre o propio coñecemento e a construción do propio pensamento. De xeito xeral, empregaranse:

- Rutinas de pensamento: patróns sinxelos de pensamento que poden ser empregados repetidamente, permitindo xerar pensamentos, razoar e reflexionar (vexo, penso, pregúntome; conversa en papel; KWL; un titular; CSI; antes pensaba...agora penso; toma de notas).
- Destrezas de pensamento: patróns de afondamento, apoiadas en organizadores gráficos asociados, pondo en marcha procesos mentais complexos (comparar e contrastar, toma de decisións).
- Organizadores gráficos: ferramentas que axudan a organizar visualmente o pensamento permitindo unha aprendizaxe máis profunda, observando obxectivamente as relacións da información (thinking maps, mapas mentais, diagrama de Venn, liñas do tempo).

Esta metodoloxía permite o desenvolvemento dos procesos cognitivos que vertebran as aprendizaxes recollidas no currículo a través do tratamento da información e conceptos específicos da área. Todos estes recursos e ferramentas se empregaram no resto das áreas, promovendo a interdisciplinaridade e o desenvolvemento de xeito globalizado e competencial no alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Ciencias Sociais. Construindo mundos. Santillana 2022
Material funxible de aula
Material funxible do alumnado
Mapas físicos e dixitais
Panel dixital da aula
Recursos audiovisuais (vídeos, audios e outras gravacións temáticas)
Aplicativos do panel dixital (openboard, lumi, etc)

Liñas do tempo
Xogos didácticos: Time line, Brainbox...
Organizadores gráficos: Thinking maps, mapas mentais, diagramas...
Fontes de información físicas e dixitais: libros de consulta, libros temáticos, xornais, glosarios, revistas...
Recursos ambientais do centro: biblioteca, Polo creativo, zonas exteriores, horta...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizárase a través de diferentes actividades nas que o alumnado deberá situar os seus coñecementos en relación á área, así como o clima e disposición á aprendizaxe.

As actividades planificadas na avaliación inicial de curso, terán un carácter interdisciplinar, aproveitando o tempo de permanencia nas titorías e introducindo un modelo de traballo no que as aprendizaxes poden xeneralizarse, mantendo o propio desenvolvemento da disciplina en cuestión.

Neste caso, empregaremos a dinámica do concurso 1, 2, 3 para realizar preguntas vinculadas aos conceptos da área. Organizaremos rondas individuais, por parellas e por equipos e combinaremos as respostas orais e escritas. Deste xeito, de forma lúdica recolleremos información concreta sobre os coñecementos da área e poderemos observar a iniciativa e interese en relación ás Ciencias Sociais.

Tamén proporemos unha pequena reflexión na que o alumnado adoite o papel de investigador científico e decida e expoña a súa curiosidade. A través desta actividade poderemos recoller os seus intereses e as súas preferencias de aprendizaxe con respecto ás Ciencias Sociais.

Avaliaremos outro aspecto fundamental para o deseño do proceso de ensino-aprendizaxe: o clima e relacións nas aulas. Para esta avaliación, analizaremos os informes previos do alumnado e as decisións tomadas en base á distribución do alumnado nas dúas aulas. Ademais, o alumnado contestará preguntas de xeito individual en relación ás súas preferencias e estilos de traballo e aprendizaxe. Paralelamente, ao longo do mes de setembro, os postos na aula de todo o alumnado irán rotando e modificándose, co fin de crear diferentes agrupamentos e observar e comprobar en cada un deles as interaccións e a actividade por parte do alumnado. Esta análise permitirá a construción de equipos base o máis axeitada posible ao momento e características do alumnado.

A información recollida a través da avaliación inicial nesta área e no resto delas, permitirá detectar as posibles dificultades, pero sobre todo, encaminarse á detección de fortalezas, talento e oportunidades no alumnado para a procura dun maior éxito na súa aprendizaxe. Ao finalizar a avaliación inicial, procederemos en reunión de equipo docente (sesión de avaliación inicial) a elaborar o portafolio do talento do alumnado, que permita recoller a información do seu estilo de expresión destacado, o tipo de agrupamento no que traballa máis cómodo e o estilo de presentación da información que lle beneficia, ademais dos seus intereses e características salientables. Esta información, que se revisará polo conxunto do profesorado nas sesións de avaliación, permitirá o deseño de situacións de aprendizaxe personalizadas, tendo en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA) e facilitando os contexto de aprendizaxe para o éxito de todo o alumnado. Este perfil da aula, será dinámico e flexible, segundo o avance e crecemento do propio alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	23	10	23	10	24	10	100
Proba escrita	75	0	20	0	50	0	34
Táboa de indicadores	25	100	80	100	50	100	66

Criterios de cualificación:

Os pesos outorgados aos criterios de avaliación, así como o seu agrupamento e pesos por Unidades Didácticas correspóndese cos criterios de cualificación establecidos para o nivel e a área na Concreción Curricular do centro. De xeito detallado, podemos especificar o seguinte:

- Desempeño competencial: 70% da cualificación da área

O desempeño competencial está asociado aos criterios de avaliación recollidos a través das UD1, UD3 e UD5, nos que se traballará sobre a adquisición de coñecementos, a posta en marcha de destrezas relativas á área, así como habilidades vinculadas ao desenvolvemento do método científico. A cualificación realizarase a través de táboas de indicadores (escalas de estimación e rúbricas) e probas escritas (evidencias individuais e colectivas do alumando ao longo de todo o proceso).

- Actitude e convivencia: 30% da cualificación da área

A actitude e convivencia está asociada aos criterios de avaliación recollidos a través das UD2, UD4 e UD6, nos que se traballará sobre as habilidades de participación, respecto das opinións, traballo en equipo e responsabilidades individuais. A cualificación realizarase a través dunha táboa de indicadores (rúbrica) de aprendizaxe cooperativa que incluíra á referencia ao traballo en equipo e ás responsabilidades individuais e que será común para todas as áreas, incluíndo as habilidades referidas nos criterios de avaliación correspondentes. Os diarios de sesión e os plans de equipo, formarán parte das evidencias recollidas para a avaliación destes criterios.

Cómpre aclarar neste apartado que por Actitude e Convivencia, non nos referimos a comportamento e/ou condutas reguladas mediante NOFC, Lei 4/11 e D8/15 de Convivencia (o comportamento non é evaluable), senón que este apartado se refire ao establecido na concreción curricular aprobada o curso 22-23 sobre motivación, interese, participación..., observable en comportamentos como "mostrar actitude de...", "traballar de forma cooperativa", "Expresar actitudes positivas"...que están recollidas nos criterios do currículo.

A cualificación positiva na área está condicionada a unha cualificación igual ou maior de 5 na avaliación ordinaria. O cálculo da cualificación ordinaria, segundo o establecido para a área e o nivel na Concreción Curricular do centro, supón a media ponderada dos tres trimestres. Este peso está xa introducido nos pesos na cualificación das UD de xeito que se respecte o recollido nos documentos de centro.

Criterios de recuperación:

En caso de promocionar a 4º de EP cunha cualificación negativa da área, considérase que o alumnado recupera as aprendizaxes desta programación no momento que teña superada a área no seguinte curso. Este feito darase polo carácter da propia área, na que os criterios de avaliación do seguinte curso engloban os anteriores, de xeito que a súa superación supón adquirida as aprendizaxes anteriores.

Aínda así, será responsabilidade do profesorado que imparte a área establecer aqueles indicadores non superados no presente nivel, para poder incidir sobre eles nos vindeiros cursos.

6. Medidas de atención á diversidade

Segundo a Orde de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade, nesta programación desenvolveranse diferentes medidas de atención á diversidade:

A. Medidas ordinarias:

- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e ás circunstancias do seu entorno.

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

- Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

B. Medidas extraordinarias:

- Apoio do profesorado de PT e/ou AL

As medidas ordinarias levaranse a cabo a través do propio deseño da programación e das situacións concretas de aprendizaxe. Neste senso, as decisións metodolóxicas e o emprego dos recursos didácticos son fundamentais para a atención á diversidade. Todas estas decisións están baseadas nos principios do DUA como enfoque que permite deseñar contextos de aprendizaxe personalizados no que todo o alumnado sexa capaz de aprender e nas que as súas características teñan acollida. Estes principios son:

1. Proporcionar múltiples medios de presentación da información.

2. Proporcionar múltiples medios de acción e representación.

3. Proporcionar múltiples formas de implicación.

No conxunto do alumnado contamos con 9 alumnos/as que presentan NEAE, dos que 1 pertence ao alumnado NEE. Todos eles se escolarizan de xeito equitativo nas dúas aulas, contando con agrupamentos axeitados ás súas características. A alumna con NEE conta con apoio do profesorado de PT e Adaptación Curricular nalgunha área.

Tamén se terán en conta as consideracións e recomendacións incluídas nos protocolos de atención educativa publicados pola Consellería.

O trascorrer do curso e a realización e análise das diferentes actividades, así como os datos recollidos a través das avaliacións, permitirán introducir modificacións e axustes necesarios en relación á programación co fin de dar unha resposta eficaz e eficiente a todo o alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.13 - Creatividade, autonomía, traballo en equipo e sentido crítico	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Valores que sustentan a liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, democracia, respecto polos dereitos humanos e rexeitamento a caquera tipo de violencia			X		X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Coñecemento do entorno	Saída ao río e outros lugares naturais da contorna para a investigación in situ das características da paisaxe, e clima.	X	X	

Observacións:

Poderán engadirse actividades complementarias segundo propostas xurdidas ao longo do curso e que quedarán reflectidas nos correspondentes documentos de centro segundo as súas características.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A organización e secuencia das UD foi adecuada ás características do alumnado.
Os criterios de avaliación de cada UD foron acordes para a súa adquisición efectiva por parte do alumnado.
Os contidos de cada UD foron acordes para a súa adquisición efectiva por parte do alumnado.
Metodoloxía empregada
A metodoloxía empregada promoveu a participación de todo o alumnado de forma activa.
O principio 1 do DUA (Proporcionar múltiples formas de presentación da información) respectouse ao longo das UD.
O principio 2 do DUA (Proporcionar múltiples formas de representación da información) respectouse ao longo das UD.
O principio 3 do DUA (Proporcionar múltiples formas de implicación) respectouse ao longo das UD.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos didácticos e materiais empregados foron variados, reais e acordes ás situacións de aprendizaxe deseñadas.
A dixitalización estivo presente na procura de información e na realización de actividades.
Medidas de atención á diversidade
A atención á diversidade tivo en conta as consideracións recollidas nos Protocolos de intervención educativa.
As medidas de atención á diversidade adaptáronse de xeito efectivo tendo en conta as necesidades educativas detectadas en cada momento.
Clima de traballo na aula
As interaccións entre o alumnado foron axeitadas, contribuíndo á consecución das aprendizaxes.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A coordinación entre o profesorado participante na aula foi axeitada.

Descrición:

Estes indicadores teranse en conta no seguimento mensual da PD, tal e como se especifica na Orde de 26 de maio de 2023. A avaliación destes descritores recollerase a través das sesións de ciclo, quedando reflectida en acta as necesidades de modificación pertinentes.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A través da programación de aula deseñaranse as actividades concretas para o desenvolvemento efectivo desta programación, seleccionando os recursos, tempos e formatos axeitados en cada momento. Este deseño e desenvolvemento permitirá facer o seguimento da programación, a través da constatación dos obxectivos marcados. Seguindo o recollido na Orden de 26 de maio de 2023, mensualmente farase unha análise do desenvolvemento efectivo da PD, recollendo as modificacións e adaptando o proceso de aprendizaxe á realidade en cada momento nas aulas.

As modificacións serán recollidas na memoria final, incluíndo as propostas de mellora en función daqueles indicadores non acadados ou das dificultades que se presenten no desenvolvemento da programación. Entre estas propostas de mellora poden incluírse a posibilidade de reorganizar os criterios de avaliación e contidos cunha secuencia diferente ou o emprego de novos recursos.

9. Outros apartados